

Proyecto piloto
Agenda 21 escolar
en Vilcambamba,
Perú

PRESENTACIÓN E INTRODUCCIÓN E MOTIVACIÓN.

Nome do proxecto. Deseño Axenda 21 Escolar Piloto en Vilcabamba.

Localización. Vilcabamba, La Convención, Perú.

Entidade executora. Labañou Solidaria.

Profesional executor do proxecto. Marcos Ulloa Martínez

Período de preparación. Febrero e Marzo do 2007.

Período de execución - PREVISTO 2 meses (do 9 de abril ó 10 de xuño);
FINAL 5 meses (do 9 de abril ó 24 de agosto).

Financiamiento. Xunta de Galicia e ONGD LABAÑOU SOLIDARIA

Orzamento: 6300€

Ao abeiro do proxecto integral que Labañou Solidaria leva desenvolvendo dende o ano 1999 no Perú, na rexión que envolve as ribeiras do río Vilcabamba, na provincia da Convención, plantéxase a posibilidade de constituir unha **Axenda 21 Escolar piloto** coa intención de reforzar a liña xeral de desenvolvemento pola que a ONG está a apostar neste momento, o fortalecemento das súas posibilidades turísticas aínda que dende unha perspectiva sostenible, contemplada dun xeito máis amplo e denominado coma de "turismo vivencial".

Neste senso, fronte ás dificultades para localizar a asistencia técnica dunha empresa peruana, a ONG ponse en contacto de xeito particular con Marcos Ulloa Martínez, ó cal se lle encargará desenvolver dun xeito máis preciso esta idea. A selección do mesmo é considerada despois de coñecida a súa formación e experiencia: Licenciado en Ciencias Políticas, e cun máster en Medio Ambiente en Barcelona, con experiencia coma Educador Ambiental. O seu traballo inicial será desenvolvido a partir do mes de febreiro e marzo.

ANTECEDENTES E PREPARACIÓN PARA A IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA

A idea inicial de cara á planificación é a de seguir o esquema I.F.E.E. que consta das seguintes fases:

1. Identificación.
2. Formulación.
3. Execución.
4. Avaliación.

Neste senso, antes de comezar a desenvolver o proxecto, resulta imprescindible detectar cales son as **necesidades reais** en orde a adiantar traballo no propio devenir do proxecto. Esta definición de necesidades servirá para establecer unha serie de obxectivos, sexan estes pedagóxicos ou non, que despois serán desenvolto a través de obradoiros e dinámicas cos rapaces e profesores (poboación obxectivo).

Antes de nada quereda habería que ser conscientes das limitacións que impón o factor "tempo", e das posibilidades para chegar a desenvolver unha actividade real e con impacto, sobre todo se temos en conta que, no que a axendas 21 escolares se refire, o tempo mínimo medio ronda sobre un ano nos países europeos.

Resultará de interese comezar a introducir este tipo de dinámicas de traballo e este tipo de materias nos deseños curriculares que se desenvolven nos colexos e institutos de Vilcabamba. Resulta así de fundamental interese comezar a traballalos dun xeito piloto, tanto cos alumnos coma cos profesores, pois serán estes últimos os principais responsabeis de que este proxecto educativo teña continuidade.

Por outra banda, organizando un pouco o que podería ser un listado de ideas-forza, destacan unha serie de aspectos de interese a incluír na Axenda que resultarían imposibles de asumir enteiramente no curto período de tempo que pasaría coma técnico alá.

A pesar desta limitación, ordeando este centros de atención, teríamos un esquema cos seguintes eixos:

- ✓ Medio Ambiente
- ✓ Cultura
- ✓ Xénero
- ✓ Saúde
 - Nutrición
 - Hixiene
 - Sexualidade
- ✓ Participación Social
 - Dereitos e deberes
 - Organización social

A estrutura deste esquema quedaría do seguinte xeito

✓ **Medio Ambiente.**

O medio ambiente é o eixo básico sobre o que xira unha Axenda 21. Neste eixo estarían incluídos os seguintes aspectos:

- A auga, no senso máis global, como recurso e dereito humano. A importancia do acceso á auga potable, da hixiene, o saneamento básico, a contaminación dos ríos, a importancia para a agricultura e para a biodiversidade, o uso sostenible da auga, etc.
- A biodiversidade (Vilcabamba é una reserva biológica, moi importante), a súa posta en valor e sostenibilidade.
- Os residuos (de momento de escasa cuantía, pero que co desenvolvemento aumentarán)
- A agricultura biolóxica. O uso de pesticidas e abonos, a plantación de eucaliptos...
- A obtención de la enerxía, a utilización da biomasa, enerxía eólica e solar.
- A produción e o consumo sostible

✓ **Cultura.**

A defensa da cultura, das tradicións e os valores. Defensa do idioma quechua e a súa posta en valor.

✓ **Xénero.**

A perspectiva de xénero, os dereitos das mulleres, o machismo, a violencia de xénero, a crítica dos roles home-muller...

✓ **Saúde**

- Nutrición
- Hixiene
- Sexualidade

✓ **Participación Social**

- Dereitos e deberes
 - As desigualdades, a pobreza, o dereito ao traballo, o acceso á terra, ós mercados, ao crédito
 - Os dereitos da infancia, a eliminación do traballo infantil
 - O dereito á información, á educación, ao coñecemento
 - Dereito ós servizos básicos de saúde e a fármacos
 - A paz, a seguridade, o respecto ós dereitos humanos e ás liberdades
- Organización social
 - A cidadanía, a participación política, os dereitos das minorías, das discapacidades, o respecto ás diferenzas,...
 - A boa xestión dos asuntos públicos, a democracia das institucións, e a loita contra a corrupción.

Coma se poderá comprobar, resulta bastante complexo chegar a traballar todos estes temas por separado en 3 meses de tempo, pero o que si que se podería facer é, ben sinalar aqueles aspectos máis relevantes para comezar, e que poderían ter unha mellor acollida, ou ben establecer un traballo sobre aqueles outros que dende a ONG se consideren de maior importancia.

Por outra banda, as dinámicas de traballo fomentarán en todo momento un tipo de aprendizaxe participativa, incentivando técnicas como son:

- A diagnose en grupo como instrumento para a toma de conciencia
- A choiva de ideas e o debate
- A verbalización das ilusións, da Vilcabamba que quere
- O traballo coas nais e pais e a proxección de actividades na comunidade
- A explicitación de documentos de consenso.

Como non se poderá saber cal é a mellor técnica a empregar ata coñecer o dinamismo e as características do grupo, a improvisación vai a contar un importante papel á hora do traballo cotiá.

- Por último, o que se fixo ó expoñer a posibilidade de que os institutos asumisen ese programa do CONAM peruano foi a de motivar á dirección dos institutos e á propia municipalidade.

OBXECTIVO XERAL

Posta en marcha dunha **Axenda 21 escolar** piloto nun instituto de secundaria de Vilcabamba, de xeito que poida conformarse un grupo Impulsor de profesores, para que posteriormente repliquen a experiencia en cada un dos seus institutos.

O feito de integrar desde a infancia -mediante a posta en marcha desta **Axenda-**, os parámetros da sostenibilidade no proceso de desenvolvemento (recollida de lixo, limpeza, hixiene, tratamento augas, potabilización, trato ao turista, autoestima, etc.), permitirá ir asentando o futuro e comezar a cambiar determinadas ideas desde a base. Ademais disto, espérase crear un **primeiro paso** para ir **sensibilizando** ós diferentes axentes locais sobre a posta en marcha dunha Axenda 21 local.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

O obxectivo específico consiste en facer unha prediagnose das posibilidades reais para posteriormente comezar a traballar sobre unha Axenda 21 escolar.

CONTEXTO SITUACIONAL

Unha vez feita a proposta, o servizo técnico comeza a traballar para crear un desenvolvemento axeitado desa proposta de Axenda. A información de partida, obtida a través de entrevistas a membros de Labañou Solidaria presenta unha atmósfera escolar en Vilcabamba caracterizada polo absentismo laboral dos/as profesores/as, unha baixa capacitación académica, unha escasa motivación, un baixo salario, e reducido nivel educativo acadado polo rapaces despois da súa formación. Por outra banda, os centros escolares carecen de recursos necesarios para ofrecer unha educación de calidade, o que combinado co absentismo escolar, sobre todo feminino, a consecuencia dunha alta taxa de embarazos prematuros e do traballo infantil obrigado polas familias, fai se cadra máis complexo o feito de traballar esa axenda.

O deseño do proxecto busca entón darlle o enfoque axeitado a esa Axenda 21 escolar, en orde a que responda, en tan breve período de tempo, ás que se supoñen necesidades máis acuciantes no contexto vilcabambino. Así, se ben nun primeiro momento as propostas son moi ambiciosas, o certo é que ó achegamento á realidade das Axendas 21 noutros contextos impide abranguer tódolos campos de actuación. É necesario sinalar aquí que o desenvolvemento habitual dunha Axenda 21 é bastante prolongado, e o feito de traballalo nun país descoñecido, sen unha precisa diagnose previa, por unha persoa descoñecida, convirte a este proxecto nun reto.

O punto de partida é o de presentar o que significa unha Axenda 21, tanto para os membros da ONG Labañou Solidaria, como para os docentes

peruanos que se involucren na mesma, para posteriormente, especificar o que implica a Axenda 21 escolar e traballar nela.

Curiosamente, dende o comezo, téntase facer un paralelismo entre a Axenda e a *Certificación Ambiental* escolar otorgada polo CONAN peruano, (*Consejo Nacional del Ambiente*) na que se poderían involucrar posteriormente aos colexios participantes. Sen embargo, o proceso da obtención deste certificado, igual que acontece co desenvolvemento da Axenda, supón un período prolongado de traballo (de entre 4 ou 5 anos), do que non se dispoñía, razón pola cal, limitárase o ámbito de traballo. Netse senso, haberíase de sinalar que este tipo de procesos pasa por unha serie de fases ben diferentes, que son:

1. Sensibilización e motivación.
2. Organización e planificación.
3. Avaliación inicial da situación.
4. Elaboración e execución dun Plan de Acción.
5. Avaliación e comunicación, como constantes ó longo do proceso.

O que si se sinala coma importante é o feito de que a Escola sexa un lugar privilexiado en orde a aprender a vivir dun xeito máis sostenible, pois dentro dela é posíbel debatir os problemas que se teñen que resolver, decidindo cales son as prioridades e cales as propostas máis axeitadas para levalas a cabo.

Prioritariamente **serán os mestres/as** os encargados de levar a cabo esta tarefa, sensibilizando e empoderando ós alumnos que desexen participar da mesma. Neste senso, a tarefa básica do técnico é facer posíbel que esa Axenda 21 escolar comece a ter lugar.

CRONOGRAMA SEMANAL DE ACTIVIDADES. PLAN DE TRABAJO

A planificación temporal parte do achegamento do proxecto á súa posterior posta en práctica. Sen embargo, o traballo do técnico foi amoldado á nova situación que atopa ó chegar a poboación de traballo en Vilcambamba, e ó empaparse do atmósfera escolar e da dinámica cotiá dos profesores/as.

Un primeiro cronograma inicial contemplaba os seguintes períodos:

(O tempo de traballo ía oscilar entre dous e tres meses, dependendo das condicións e da evolución do proxecto, da motivación, do estado de ánimo dos participantes e da sobrecarga lectiva. Neste senso plantexábase desenvolver o traballo en períodos semanais).

Semana (9 ó 15 de abril)

Viaxe e contactos varios coas institucións peruanas. Axeitamento climático. Visitas a diferentes institucións en Lima e Cuzco.

Semana (16 ó 22 de abril)

Desprazamento a Vilcabamba. Primeiro contacto co centro educativo, coas institucións e co tecido asociativo en orde a establecer, dun xeito claro e conciso cal será o meu traballo alí. O contacto coa realidade fará posible repensar unha vez máis o proxecto e comezar a plantexar actividades específicas no eido académico e social. Ó longo desta semana, á medida que se fan xogos para irse integrando no grupo de traballo, se tentará planificar o traballo cos profesores, recoñecendo cales serán as horas que destinaremos á planificación, cales serán destinadas á creación de actividades, e por último cales á posta en práctica das mesmas cos alumnos.

As actividades iniciais cos rapaces serán básicamente dinámicas de resentación e de confianza que fomenten en todo momento a interacción grupal. Este tipo de xogos, se ben non terán unha carga

importante no que respecta ós obxectivos específicos si que servirán para facer posible o achegamento dos rapaces á miña persoa e ás novas dinámicas de traballo coas que se experimentará. Á vez, continuará o traballo de revisión do deseño curricular cos mestres, en orde a recoñecer en que medida están representados tódolos obxectivos compoñentes dese desenvolvemento sostenible.

Semana (23 ó 29 de abril)

Durante esta semana, no tempo de fin de semana poderíase desenvolver un obradoiro para, por unha banda profundizar no coñecemento da situación dos profesores, e por outra recoñecer aqueles aspectos metodolóxicos que empregan nas súas aulas. Estamos a falar de facer, neste tempor record, un diagnóstico de necesidades tanto para profesores como para alumnos, isto é, recoñecer algo tan sinxelo e tan difícil como o de coñecer como se atopan e como se sinten os profesores alí, o grado de motivación, a metodoloxía, etc. No caso dos cativos, recoñecer o papel da escola nas súas vidas, que influencia pode ter nas súas vidas e no seu futuro, rematando en como podería ser unha escola mellor. Tamén haberase de sondear a posible implicación dos profesores nas dinámicas a desenrolar, provocando que se sintan cómplices deste proceso.

Semana (do 30 de abril ó 6 de maio)

"Semana da análise do noso entorno": Análise da situación ambiental máis próxima. Traballo de recoñecemento do entorno máis inmediato. A idea inicial sería a de plantexarlles unha especie de DAFO organizando unha especie de saída par amosarme o seu ambiente, fomentado que sexa organizada conxuntamente entre alumnos e profesores.

Semana (do 7 ó 13 de maio)

“*Semana da auga*”. Traballo que será deseñado co apoio dos materiais proporcionados por Terranova e por amigos da Terra, labor que será desenrolada polo técnico e polos propios profesores.

Semana (do 14 ó 20 de maio)

“*A semana das nosas tradicións*”. Análise a través dos propios rapaces dos costumes e da realidade de Pucyura. Creación dun grupo de traballo para o seguimento e o Apoio do Congreso de Turismo Vivencial que tendo lugar á semanaseguinte, provocará unha grande convulsión de Pucyura. Creación dun collage onde apareza representado como entenden o seu entorno.

Semana (do 21 ó 27 de maio)

Exposición do collage e podería presentarse o análise de necesidades no propio congreso. “*Semana da alimentación e da hixiene*” en base ós recursos e ós hábitos alimenticios tradicionais, conxugados coas necesidades reais de alimentación.

Semana (do 28 de maio ó 3 de xuño)

“*Semana dos dereitos e dos deberes como cidadans*”. Traballo específico de diversas dinámicas englobadas no foemnto da participación social e da educación para a paz. A interpretación e a resolución pacífica de conflitos. Para esta semana emprégaranse unha selección de técnicas e dinámicas elaborados por Cruz Vermella Xuventude.

Semana (do 4 ó 10 de xuño).

Despedida, elaboración e difusión do informe final, presentación ás autoridades e a dirección do colexio, avaliación, recoñecemento de propostas futuras por parte dos profesores, ideas, etc.

MODIFICACIÓNS E REFORMULACIÓN:

Unha serie de circunstancias excepcionais provocan o retraso da chegada a localidade de destino en Vilcabamba. A perda da equipaxe do técnico pola Compañía Aérea, problemas de saúde a causa dun accidente do mesmo, e despois a adaptación ó conxunto escolar, caracterizado pola falla de compromiso e de organización da docencia do centro escolar, así coma a escasa axuda da dirección do centro alterarán significativamente o cronograma, causando unha progresiva modificación do proxecto inicial até o punto de convertelo nun proxecto de sensibilización previa á adopción do que sería a axenda en si, **Sensibilización e Motivación** que se constitúen como aspectos previos á posta en funcionamento desa Axenda 21 escolar.

A idea de partida era a de lograr que os mestres comezasen a traballar cos seus alumnos/as nas materias nas que ían ser capacitados polo técnico de Labañou Solidaria desprazado. Sen embargo, a pesar de teren solicitado dende o comezo un grupo "experimental" de diferentes alumnos/as para esta finalidade, non é finalmente posíbel chegar a desenvolver con eles este tipo de actividades, non obtendo unha diagnose do que os cativos e cativas interpretan coma problemas ambientais, económicos e sociais do seu entorno máis cercano.

As mesmas sesións mantidas coa docencia manteñen unha progresión entrecortada a consecuencia dunha serie de actos públicos: o *Día da Nai*, acto este que foi preparado cunha semana de traballo ás tardes, o *Congreso de Turismo Vivencial*, organizado pola propia ONG Labañou Solidaria, e que contou cunha representación de alumnos que fixeron danzas e representacións, un curso de formación para a docencia en prevención para a saúde, os actos conmemorativos do *Inti Rayni*, e un largo etcétera que ten como colofón unha folga xeral da educación que mantén paralizado ó sector educativo durante case un mes de tempo.

As actividades van consistir nunha serie de sesións expositivas e de obradorios cos profesores, incluíndo unha serie de obradorios de xornalismo cos cativos que son desenroladas entre a chegada do técnico ó centro educativo, o día 21 de abril, prologándose con ese “cortes” durante os tres meses seguintes. A súa vez, eses obradoiros foron complementados con reunións cos veciños e cos órganos xestores da comunidade, tanto de recursos naturais como de auga e de montes, complementado cun programa de radio que, incluíndo á participación de membros da comunidade, policía, administración local, DEMUNA, e outras colaboracións, buscan reforzar a actividade desenrolada durante a semana.

PREPARACIÓN DO PROXECTO E ADAPTACIÓN AO TERREO

Despois da posta en contacto e da presentación do proxecto, comézase a desenvolver unha investigación sistemática das posibilidades para adaptar o proceso dunha Axenda 21 escolar á poboación destino. A busca consiste na recopilación de información e na posta en contacto con diferentes organizacións ecoloxistas, centros de información e incluso empresas que tiveran traballado coas axendas 21 escolares, así coma con proxectos sensibilizadores no terreo. As principais eibas que ían aparecendo resumense en dúas:

- A dificultade de recoñecer experiencias semellantes en países do terceiro mundo. Fronte a isto constátase a importancia de recoñecer A sensibilidade ambiental é un aspecto previo á posta en práctica desta axenda. Por contra, normalmente estas zonas presentan uns niveis de calidade educativa moi baixos que non inclúen a perspectiva ambiental.
- A cronolóxica: unha Axenda 21 escolar precisa por termo medio duns 3-4 anos nun entorno educativo motivado. Por poñer un exemplo, o C.E.S *As Pontes* da Coruña, leva máis de 4 anos

traballándoa dun xeito progresivo, e na actualidade ten a dous profesores involucrados nun proxecto específico vinculado ás “enerxías alternativas”. É moi importante contar coa implicación por parte da docencia para que este proxecto teña éxito.

A pesar de todas estas dificultades, a forte motivación e o ánimo transmitido dende Labañou fan posíbel transformalo. Coma se pode apreciar nos obxectivos xerais do documento de metodoloxía, a creación de sensibilidade parte coma un dos obxectivos xerais e prioritarios, desmarcándose coma o **aspecto fundamental previo á Axenda**.

Sen embargo, xa dende o comezo anticipándose ó que ía acontecer, precísase que o proxecto sufrirá unha adaptación ó contexto escolar de Vilcabamba, pois o descoñecemento dese contexto fai absolutamnete necesaria esta modificación. Así, *“Las modificaciones del proyecto son debidas básicamente a la adaptación al contexto escolar y cultural. A pesar de que el punto de partida preveía estas modificaciones, lo cierto es que la serie de condicionantes externos acaecidos estimularon esta necesidad, exigiendo un nuevo planteamiento que implicaba contemplar el concepto de Agenda 21 Escolar como un instrumento para la **mejora de la calidad de la educación** en el municipio. Para ello se plantea trabajar en la mejora de la calidad de la oferta educativa a través de nuevas estrategias metodológicas de gestión educativa, con un enfoque diferente de esa Agenda 21 Escolar, desarrollando toda una serie de sesiones con los y las docentes, e instándolos a que los pusiesen en práctica con sus alumnos y alumnas”*.

INFORME DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

Nivel de participación dos colectivos afectados.

A participación pode ser considerada como óptima, se ben esta apreciación debe estar matizada por unha serie de aspectos como son o sentido da disciplina e do compromiso, os tempos de reacción e mailo traballo persoal dos e das docentes e por último, a calendarización do proxecto en sí.

Análise da identificación.

Unha análise pormenorizada da realidade de actuación tería axudado moito, acelerando o proceso de adaptación ó contexto escolar. A selección do Instituto non foi a máis axeitada pois faltou o respaldo da dirección, aspecto este que a priori é determinante na implantación e no respaldo necesario dun proxecto docente desta embergadura.

Calendarización.

Os profesores/as comentaron que a pesar de estaren moi interesados neste proxecto educativo, a elevada cantidade de actividades extraescolares que debían realizar ó longo desas datas impediron cumprir co compromiso que inicialmente adquiriran. Á elevada cantidade de campionatos escolares, houbo de engadirse a preparación dos bailes e outro tipo de actividades que os colexios prepararon para o Congreso de Turismo Vivencial e para a representación do Inti Rayni, así como para o día da Nai. Segundo súas verbas, no ámbito rural requíreselles unha meirande implicación no desenvolvemento deste tipo de actividades.

Factores externos influíntes.

Á variación da data de inicio do proxecto, e por tanto en todo o seu cronograma, outro aspecto a considerar é a interrupción dos talleres como consecuencia da preparación das actividades antes sinaladas, así como a

folga xeneral de educación en todo o país, e que tivo especial incidencia na provincia.

Sinerxias establecidas.

A posta en funcionamento deste proxecto de mellora educativa, a Axenda 21 escolar piloto, permitiu establecer un contacto máis cercano coa realidade educativa e co contexto escolar dos habitantes de Pucyura, establecéndose, a pesar das claras diferencias que poidan existir entre centros educativos, un diagnóstico máis preciso sobre o funcionamento da educación na microcuenca do río Vilcabamba.

O achegamento a outros sectores que poderían axudar a facer a educación máis participativa: a Municipalidade, o Centro de Saúde, a Policía, e por último, á Parroquia, con quen se atoparon moitos puntos en común en determinados aspectos que competerían a un desenvolvemento exhaustivo dunha Axenda 21 e toda regra.

O poder e a influencia da igrexa segue a ser un valor a ter en conta, e involucrala neste proxecto axudaría moito de cara ó seu éxito.

Avances noutras áreas.

Dentro do mesmo ámbito, comentárase noutras ocasións a boa acollida que tivo a proposta noutros centros educativos, como é o caso do Centro de Oyara, Lucma e no de Huancacalle, así como no pequeno colexio de Yupanca. En concreto, co centro de Oyara chegouse a establecer un contacto máis cercano que facía posible replicar a Axenda 21 escolar. O propio director sinalaba fonte ós seus mestres que o traballo do desenvolvemento sostenible era un requisito do Ministerio de Educación.

A difusión deste proxecto entre outras entidades locais, como é o caso da Microrede de Saúde, motivou súa adhesión ó reforzo noutras áreas curriculares transversais, col compromiso de desenvolver seminarios de

sexualidade xuvenil nos centros educativos de Vilcabamba. A presenza do oficial de policía William Hilaes, Delegado da Oficina de participación pública e maila incorporación da Licenciada Ada Pimental á DEMUNA, poderían traducirse nunha colaboración de cara á labora preventiva da Defensoría do neno e do adolescente que non se estaba a producir. Así, foron proxectadas unha serie de sesións sobre dereitos dos nenos, violación e protección, achegando o traballo da DEMUNA a colexios, e a través deles, ós pais e nais dos mesmos.

Implicación dos axentes.

A implicación dos axentes variaría dependendo de aspectos tales como súa motivación personal, súa disponibilidad horaria, súa situación familiar, ou do feito de que estivesen realizando outro tipo de formación durante as datas nas que se desenvolveu o proxecto. Dende o principio, tentouse que esta formación nacera dende a motivación para a participación, e non coma unha imposición a través dun comunicado da UGEL, se ben comentárase que se trataba dunha formación que o goberno levaba tempo existindo, e así o confirmaba a mesma UGEL de Quillabamba.

A situación inicial foi, segundo palabras dos mesmos docentes, de desconcerto e de falla de comprensión: a dirección comentou que non sabía en qué consistía o proxecto, e que o aceptara cun entusiasmo finxido fronte a falla de alternativas. Esta situación provocou certa desorientación inicial, pois o servizo técnico partía da base de que o proxecto xa era máis que coñecido no centro educativo.

Sobre este novo punto de partida, houbo de presentarse de novo todo o proxecto, solicitando a creación dun grupo de mestres e mestras que designaría horarios e carga lectiva das sesións. A alta motivación viuse difuminada por una serie de circunstancias que impediron nalgunha que outra ocasión, a asistencia dos/as interesados/as, así coma certa desorganización en relación a ese compromiso inicial. Un aspecto no que

houbo acordo na avaliación final foi na ausencia de compromiso da dirección, o cual impediu conformar un pequeno grupo de rapaces cos que traballar, involucrándoos máis no xa a eles, senón ó resto de docentes que no participaron “tanto” destas sesións.

ACTIVIDADES REALIZADAS. FICHA DAS ACTIVIDADES.

Para teren algunhas referencias sobre os obradorios participativos, inclúense tres sesións onde xurdiron toda esta serie de aspectos sobre os que se falou nas aulas.

O traballo dinamizábase a través dun iniciais obradorio expositivo-sensibilizador sobre un dos aspectos a traballar, (nos casos que van servir de exemplo, será auga, residuos e o obradoiro de xornalismo sobre o Turismo Vivencial), para posteriormente contextualizalo á realidade do lugar, e comezar a obter propostas que posteriormente algúns dos profesores chegan a desenvolver a xeito particular. Sinalar que os resultados destes obradorios aparecen en castelán, pois son o froito do traballo dos mestres e mestras participantes:

PROPUESTAS PARA LA GESTIÓN DE LOS “DESECHOS” INORGÁNICOS DEL COLEGIO “MANCO INCA”

El taller se ha desarrollado con una reflexión inicial acerca de en lo que puede consistir una ecoauditoria, para posteriormente, proceder a centrarse en un solo aspecto, el que hace alusión a los Residuos Generados por el colegio, en donde se ha recapacitado acerca de su diversidad y de su cantidad, para posteriormente, en 3 grupos de 4, 4 y 5 personas, hacer una puesta en común de las ideas para la gestión de esos desechos generados.

Los resultados fueron los siguientes:

1. Grupo.

- a. Clasificar los residuos con la ayuda de los alumnos (vidrios, plásticos, metales, etc).*
- b. Relleno sanitario a 50 mts del colegio*
- c. Propiciar el consumo de alimentos naturales*
- d. Charlas para evitar el uso de descartables (plásticos, tetrapacks...), y política institucional*
- e. Relleno sanitario en cada hogar.*
- f. Monitoreo permanente de todas las acciones.*

2. Grupo.

- a. Acumular botellas descartables y botellas de vidrio para después venderlas*
- b. Concienciar a los alumnos para que no consuman bebidas en botellas descartables.*
- c. Tener contenedores para clasificar los desechos inorgánicos*
- d. Elaborar trabajos manuales y Ornamentales: ej. Árboles navideños, portapapeles*
- e. Rellenos sanitarios para depositar los desechos inorgánicos.*

3. Grupo.

- a. Campañas de sensibilización, charlas, afiches, vídeos, ...*
- b. Contenedores a nivel de aula e Institución educativa.*

- c. *Instalación de relenos sanitarios*
- d. *Reutilización de residuos inorgánicos.*
- e. *Reducir la utilización de bolsas de plástico.*

Para o caso do Obradoiro de Auga, o proceso foi semellante. Comézase cunha dinámica de sensibilización-concienciación, para posteriormente adaptala ó contexto de Vilcabamba, e máis especificamente, da localidade onde estaba situado o centro educativo Manco Inca. Sinalar que nesta ocasión, o traballo desenrolado durante estes días deu coma resultado a convocatoria da JASS, (Junta de Administración del Servicio de Saneamiento), propoñendo adoptar algunhas das medidas que xurdiran nas sesións mantidas cos educadores/as. Suponse que boa parte desta convocatoria a tería o feito de que moitos mestres formaban parte da desta xunta.

Por último, en relación ó Obradoiro de Xornalismo, prantexouse a actividade do seguinte xeito.

En orden a dar mayor protagonismo a los niños y niñas del colegio Manco Inca, de Pucyura, se propuso en una de las sesiones de los talleres de la Agenda 21 Escolar el que se seleccionase un grupo de alumn@s que sirviesen de puentes de acceso para sus niveles de estudio, una suerte de embajadores de lo que significa el turismo vivencial, y de lo que podría significar ese Congreso de Turismo Vivencial del que tantos carteles estaban viendo, y del que tanto se anunciaba por radio.

La propuesta fue, como viene siendo habitual, bien aceptada, y en una sesión posterior, en el propio colegio, la profesora encargada de coordinar a los grupos, la Sra. Juana Peralta Cruz, profesora de Comunicación, se me presentó a los alumnos que iban a participar de este experimento. Inicialmente se había seleccionado específicamente a algunos por su capacidad oratoria y por otras cualidades, y el grupo se completó con otros/as que se presentaron voluntarios/as. En total, la lista contenía un total de 24 personas, si bien la participación posterior del congreso nada tuvo que ver con esta inicial acogida. De todas

formas, en esta reunión inicial con todos los chicos y chicas, durante los días 15 y 17 de mayo, además de presentárseles la idea, se les animó a participar de forma activa. De esta participación, son fruto las siguientes cuestiones:

En estos dos días previos al congreso, se intentó que averiguasen todo lo posible en relación a lo que era y suponía el turismo, y más concretamente el Vivencial, fomentando el que para ello recurriesen a todos los medios a su alcance, desde preguntar a familiares y amigos hasta ponerse en contacto con los “auspiciados”. Al final, de su investigación, y después de ciertas correcciones echas tanto por la profe como por mí (cuestiones de forma únicamente), surgieron las siguientes preguntas:

- 1. ¿Qué finalidad tiene el turismo vivencial?*
- 2. ¿En qué consiste el turismo vivencial?*
- 3. ¿Qué ha motivado la realización de este Congreso?*
- 4. ¿Qué provecho saca Labañou Solidaria de este Congreso?*
- 5. ¿Cuál es la razón por la que viene el turismo a Perú? ¿por qué a los turistas les interesa nuestro pueblo?*
- 6. ¿Cuánto tiempo tardaría en desarrollarse una propuesta de turismo vivencial?*
- 7. ¿El turismo vivencial se desarrolla en otras regiones del Perú y en otros países?*
- 8. ¿Por qué en Machu Pichu no se ha desarrollado el turismo vivencial?*
- 9. ¿A quién beneficia el turismo vivencial?*
- 10. ¿El turismo vivencial se parece al turismo sostenible?*
- 11. ¿Por qué ese nombre; por qué el turismo se llama vivencial?*

Entre pregunta y pregunta surgían dudas y algo de escepticismo sobre esto del Turismo Vivencial, término sobre el que ninguno/a había oído hablar antes. Así, me causó especial sorpresa el escuchar la siguiente pregunta: ¿En caso de masificación de turismo en Vilcabamba, cuál sería la posible alternativa? A raíz de esta pregunta, les planteé que me comentasen cuáles creían que podían ser las razones por las que una propuesta de turismo de este tipo podría dejar de existir, y sobre ello, que reflexionasen sobre el propio término: Turismo Vivencial. Surgieron diferentes ideas que poco a poco se tradujeron en algunas de las razones que a su parecer, impedirían el desarrollo de una propuesta turística de este tipo.

Así, no funcionaría si:

- *Si produjese pérdidas económicas,*
- *Si existiese masificación de turistas*
- *Si se construyese masivamente*
- *Si se instalasen agencias turísticas*
- *Si la población se adaptase a un tipo de turismo que no es el vivencial*

Como se puede comprobar, ideas las tenían, y muchas, si bien quizá no tenían tan claro cómo formularlas.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

A finalización do proxecto tivo como referente unha reunión mantida cos docentes en orde a avaliar o que lles tivera parecido este pequeno intento para introducir novidades na actuación da ONG Labaño Solidaria.

Neste senso, quereda facer especial alusión á colaboración de dous docentes: a profesora Betsy Merino, profesora de Matemáticas, e mailo profesor Arturo Umeres, de Ciencia e Tecnoloxía, ámbolos dous mestres de secundaria. Nesta reunión saíran á luz aspectos que xa foron xurdindo neste informe, pero sobre os que é preciso recapacitar de novo aquí, sendo relevantes para o replantexamento e mailas recomendacións que dende a asistencia técnica fanse desta iniciativa.

Dende o comezo, sinalar que os mestres non tiñan noción algunha de que Labaño Solidaria tivese elixido seu centro como destinatario desta iniciativa, razón pola cal a presenza do mesmo colleulles de sorpresa. Esta situación está directamente relacionada coa ausencia de compromiso por parte da dirección do centro; a súa falla de acollida e de apoio, así como de certa coordinación, tería servido para planificar mellor as sesións co técnico de Labaño, ofrecendo un mellor aproveitamento desta oportunidade.

A calendarización non foi a máis acertada, pois coincidiu con toda esa serie de actividades extraescolares que os docentes deberon desenvolver. Isto deu coma resultado que non existira unha disponibilidad horaria completa para poder traballar no proxecto, ó que hai que engadir a Folga de Educación, os campionatos escolares e a preparación de representacións, danzas e bailes. Fronte a esta situación, prantexábase, ben organizando as sesións os sábados, o que podería ocasionar a ausencia de moitos docentes que marchan onde ós seus as fins de semana, ou ben, concentrar as sesións, facénoas máis intensivas, tal e como xurdira facelo no CE de Oyara. Débese

reslatar aquí que as sesións e os obradoiros eran desenvolvidos nas horas libres do profesorado, coa intención de non interrompir nin a súa actividade lectiva, nin a aprendizaxe dos alumnos/as. A coordinación coa UGEL (Unidad de Gestión Educativa Local), podería ter incluído este proxecto na súa curricula anual, introducindo un pequeno espacio de tempo para traballar a Axenda, máis todo isto precisaba dunha planificación previa previo ó inicio do curso académico.

O profesorado rural non posúe medios abondo, o que lles obriga a converterse en “profesores para todo”, repercutindo negativamente na calidade do ensino, e na calidade de vida dos docentes.

A organización das sesións tivo moi boa acollida entre os/as participantes, non tan só polo seu contido, senón polo desenvolvemento combinado de sesións expositivas e obradoiros, complementándose para ofrecer unha forma de traballo á non estaban acostumados, e de acercarse a tódalas materias transversais que fueron tratadas.

A selección de temas tamén lles pareceu oportuna, se ben contribuíron introducindo outros aspectos que consideraban de interese:

- Dentro da educación para a saúde, aspectos vinculados á sexualidade, incluíndo a repercusión da televisión e da fácil adquisición de pornografía. Ante esta necesidade, comentouse o importante avance acadado co convenio logrado coa Microrede de Saúde de Pucyura, para facer posibles uns cursos de chegado á sexualidade xuvenil.
- Traballar a prevención no consumo de drogas. Até o momento non fóra unha cuestión problemática, sen ter en conta ás “socialmente aceptadas” como o tabaco e o alcohol. Sen embargo, ultimamente estíbese incrementando a figura dos “*burriers*” ou transportadores de droga, entre a xuventude recién licenciada nas escolas locais, o que implicaba un grave perigo.

Por último, e coincidiendo coa previsión de Labañou Solidaria, os dereitos dos nenos/a y la explotación debían estar máis presentes en los colegios. A pesar de que la semana dedicada por la Agenda a este tema les pareció de lo más oportuna, consideran que la DEMUNA debería de hacer un mayor esfuerzo en presentarse y en dinamizar su trabajo en los colegios, en un ánimo de prevenir lo que para los docentes podría evitarse con la presencia de este tipo de talleres. Coincidieron en calificar de meramente “curativa” la tarea de esta oficina de defensoría, olvidando sus obligaciones preventivas, en aspectos tan presentes en la zona como por ejemplo, en la explotación infantil.

Agradeceuse, sobre todo entre as mulleres participantes, a inclusión das sesións adicadas a presentar e difundir o estudo de xénero encargado por Labañou Solidaria, así como a traballar a igualdade de oportunidades nas aulas. Se ben o estudo foi cuestionado nalgunha ocasión, prantexou diferentes cuestións sobre como introducir a perspectiva de xénero no cotiá, combinándoo cunha formación presente tamén na sociedade mási cercana: educar tamén nesta perspectiva á policía, á escola de pais/nais e á propia Igrexa.

Para concluir, estabrecese como imprescindible unha responsabilidade compartillada entre o que cabería considerarse coma Saúde Escolar, e a administración encargada da mesma.

IMPACTO DO PROXECTO SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DOS BENEFICIARIOS, CAMBIOS PRODUCIDOS, PARTICIPACIÓN E VALORACIÓN

A pesar de que o tempo de actuación fose escaso, cabe apreciar algúns cambios no centro escolar e na vida cotiá dos/as educadores, que están vinculados co proxecto. Por exemplo, o colexio sofre algunhas modificacións que son bastante significativas: o xardín que estaba algo abandonado, arránxase e ensálzase con carteles sobre a protección da natureza. O pequeno terreo que estaba na parte posterior, comeza a ser recuperado para seu uso como recurso (sementar tubérculos e hortalizas).

Nas aulas comencan a recuperarse prácticas relacionadas co refugallo e co uso de recipientes “descartables”, decorándoas para conter lapiceiros e material de debuxo. No colexio aparecen recipientes para depositar residuos separando orgánicos de inorgánicos. Todas estas iniciativas xorden paralelamente á realización de seminarios e exposición de sensibilización paa a poboación da zona.

Outro aspecto de interese ten que ver cunha idea que buscaba involucrar ós alumnos/as nos preparativos da realización do I Congreso de Turismo Vivencial, a través da creación dun *grupo de embaixadores*. Co apoio dun grupo máis reducido, comézase a traballar sobre o tema, participando todo eles dunha serie de obradoiros e talleres, así coma de reunións de traballo na Casa de Labañou, en orde a establecer uns criterios sobre os que organizar o traballo, para posteriormente constituir un xornal e elaborar un grande mural no que se ensine ó Centro Educativo en qué consiste o Turismo Vivencial, co apoio dunha exposición feita por dous compañeros/as, (concretamente, as persoas elixidas foron Aidé Umeres, de 5º curso e Reynaldo Puno, de 4º). A ilusión posta pos estes rapaces, serviu como un aliciente para que no seu entorno houbera máis sensibilidade fronte o que implicaba o turismo vivencial, reforzando a inercia conseguido polo Congreso, e posibilitando un

meirande coñecemento deste aspecto potencial de desenvolvemento nun conxunto de persoas fundamentais para facelo realidade.

A creación do programa de radio, "*Labañou en Clase*" foi tamén moi ben acollida por aqueles alumnos e alumnas máis avezados. Creáronse grupos en cada curso para constituir una serie de programas piloto que, despois dunha avaliación pola profesora de Comunicación, serían calificados e mellorados para a súa posterior emisión na radio local. En concreto, la intención era a de crear un programa tódolos sábados, inicialmente de media hora, que informase en relación ás novas do colexio, abranguendo tamén sobre á súa realidade máis cercana. O programa atopábase na súa fase final un pouco antes da volta do servizo técnico, razón pola cal non foi posíbel comprobar o seu desenvolvemento final.

Outro interesante aspecto foi a creación dun pequeno grupo de estudio para a reivindicación da protección dunha especie de "cactus de altura", en perigo de extinción, ubicado na rexión de Vilcabamba. Tratábase da *puya raimondi*, tamén coñecida como "*titanca, ccara, o fritanga*", unha pranta da mesma familia das piñas que pode chegar a alcanzar até os 4 metros, e que vive máis de cen anos. O grupo, dirixido polo mestre de ciencia e tecnoloxía, e constitúe un claro intento para poñer en relieve e dar a coñecer esta excepcionalidade, e facer conscientes da necesidade de catalogar e protexer o seu patrimonio natural.

VALORACIÓN FINAL

A valoración final é completamente positiva, se ben esas circunstancias externas fixeron o traballo máis complicado, e impediron achegarse ó traballo directo cos rapaces e rapazas do CES Manco Inca, dentro do que constituía o deseño da Axenda 21. E pode ser calificada como positiva dende o primeiro momento, pois son os beneficiarios directos quen así o consideran, e así o seguen a requirir: este proxecto non debe caer en saco rato, senón que debe continuar e extenderse, cunha planificación máis precisa que inclúa o compromiso da UGEL, por una banda, e co apoio por parte da Municipalidade de Vilcambamba. A sensación é a de que agora é o momento axeitado para continuar desenvolvendo esta Axenda 21 escolar, porque agora xa a coñecen, e dende o servizo tamén se coñecen cales son as sinerxias positivas e negativas do contexto, e porque á súa vez, o proxecto comenzaba a ser “saboreado” e apreciado por docentes e alumnos/as.

Dende o comezo, xa se anticipara que os “tempos” naquel país e naquela zona eran “diferentes”, ó que habería de engadirse a diferente noción do que implica o senso de *compromiso*, pero escapábase o feito de recoñecer cal era a atmósfera de traballo e a carga “non lectiva” que debían soportar moitos profesores, sobre todo en determinadas datas (Inti Rayni, Congreso Turismo, Día de la Madre, y las competencias deportivas), ou o que ía supoñer a ausencia total por parte da dirección, algo que escapaba ás previsións feitas pola asistencia técnica. Por contra, non se podía predecir a importante Folga que padecieron, sobre todo, os alumnos e alumnas.

O contacto coas outras institucións a través deste proxecto educativo serviu para estreitar lazos entre saúde (doutor Heber e doutora Marcia), Concello, (Fredy Gonzales, subxerente de Asuntos Sociais), a DEMUNA, (Licenciada Ada Pimental), e coa Policía (o axente William), aspecto este moi a ter en conta para posteriores colaboracións. Labañou Solidaria xa traballara noutros puntos con estas institucións, o certo é que estas persoas, á

